

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 15 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas nas convocatorias excepcionais no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, e se publican as puntuacións provisionais para o ingreso nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocados polas resolucións do 26 de decembro de 2022.

Mediante resolucións desta dirección xeral do 26 de decembro de 2022 (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), realizouse a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos para o ingreso entre outras nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.

Mediante a Resolución deste mesmo centro directivo, do 11 de abril de 2023 (DOG núm. 77, do 21 de abril), publicouse a relación provisional de admitidos/as e excluídos para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario. Ten finalizado o prazo de subsanación previsto na base sexta das resolucións de convocatoria.

A base oitava das resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 26 de decembro de 2022 de convocatoria do proceso, dispón que, realizada polo respectivo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nos distintos apartados, a correspondente á acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso, así como a valoración total do concurso de méritos.

De conformidade coas anteditas bases, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos para o ingreso nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e de facultativo/a especialista de área



nas especialidades de: Alerxoloxía, Análises Clínicas, Anatomía Patolóxica, Anestesioloxía e Reanimación, Anxioloxía e Cirurxía Vascular, Aparello Dixestivo, Cardioloxía, Cirurxía Cardiovascular, Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, Cirurxía Pediátrica, Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora, Cirurxía Xeral e Aparello Dixestivo, Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía, Endocrinoloxía e Nutrición, Farmacia Hospitalaria, Farmacoloxía Clínica, Hematoloxía e Hemoterapia, Inmunoloxía, Medicina do traballo, Medicina física e Rehabilitación, Medicina Intensiva, Medicina Interna, Medicina Nuclear, Medicina Preventiva e Saúde Pública, Microbioloxía e Parasitoloxía, Nefroloxía, Neurocirurxía, Neurofisioloxía Clínica, Neuroloxía, Obstetricia e Xinecoloxía, Oftalmoloxía, Oncoloxía Médica, Oncoloxía Radioterápica, Otorrinolaringoloxía, Pediatría e as súas áreas específicas, Pneumoloxía, Psicoloxía Clínica, Psiquiatría, Radiodiagnóstico, Radiofísica Hospitalaria, Reumatoloxía, Uroloxía e Xeriatria, convocados polas Resolucións do 26 de decembro de 2022 e publicar as puntuacións provisionais obtidas polas/os aspirantes admitidas/os no proceso selectivo.

Indicar que aspirantes que figuraban admitidos/as na relación provisional derivada da Resolución deste mesmo centro directivo, do 11 de abril de 2023 (DOG núm. 77, do 21 de abril), figuran no listado definitivo como excluídos ao ter a condición de persoal estatutario fixo na mesma categoría e especialidade no Servizo Galego de Saúde, como consecuencia da resolución doutros procesos selectivos.

Segundo. As puntuacións provisionais, así como as listas coa relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, con indicación do motivo de exclusión, nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e de facultativo/a especialista de área nas especialidades indicadas, poderán examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Cada aspirante poderá consultar o estado da solicitude, ademais do detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos/concurso de méritos

Coa finalidade de dotar de transparencia ao proceso, ao existir aspirantes empatados, publicarase na páxina web o Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), a información que permitirá verificar a correcta aplicación do criterio de desempate establecido na base 8.1.6. da Resolución de convocatoria do proceso.

Terceiro. Contra as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as, as persoas excluídas poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente,



e con carácter previo, poderán interpor recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación.

Cuarto. De conformidade coa base oitava da Resolución do 26 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, de convocatoria do proceso, os/as aspirantes admitidos/as poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para formularen reclamación contra os resultados da baremación provisional.

Tales reclamacións serán rexeitadas ou admitidas na resolución definitiva, que aprobará esta Dirección Xeral e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, logo da análise das reclamacións presentadas polo tribunal que practicará de ser o caso as oportunas correccións e aprobará as puntuacións definitivas de méritos do concurso elevándoas á autoridade convocante.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

